

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**8555** *Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

##### I

O asociacionismo agrario, como fenómeno xeral, e as cooperativas en particular, son protagonistas do gran cambio experimentado no sector agroalimentario español, xa que contribúen á vertebración do territorio, ao dar continuidade á actividade agraria, fomentan o emprego rural e teñen unha especial capacidade para ser motor de desenvolvemento económico e social, e favorecen, por tanto, a viabilidade e sustentabilidade das nosas zonas rurais.

A título ilustrativo pódese sinalar que o sector cooperativo está composto por cerca de 4.000 entidades e 1.200.000 socios. No conxunto da produción agroalimentaria española, cunha facturación de 17.405 millóns de euros en 2011, é un segmento capital do noso tecido asociativo agrario, ao cal se debe sumar un crecente número de entidades asociativas de natureza non cooperativa que, como as sociedades agrarias de transformación (SAT), as organizacións de produtores e as entidades mercantís e civís, vertebran o chanzo primario da produción agraria española, ademais de contribuír e mellorar a cohesión territorial mediante a xeración de emprego estable e de calidade ofrecendo novos servizos que demandan os cidadáns do medio rural.

Trátase, con todo, dun sector caracterizado pola súa atomización, o que está a provocar que nin sequera as entidades mellor estruturadas estean vendo rendibilizados os seus esforzos e investimentos, o que fai necesario pór en marcha medidas que fomenten a integración e a potenciación de grupos comercializadores de base cooperativa e asociativa, con implantación e ámbito de actuación superior ao dunha comunidade autónoma, que resulten capaces de operar en toda a cadea agroalimentaria, tanto nos mercados nacionais coma nos internacionais, e que contribúan a mellorar a renda dos agricultores e consolidar un tecido industrial agroalimentario nas nosas zonas rurais.

##### II

Para corrixir os inconvenientes que provoca a aludida atomización, o Goberno fixou como un eixo prioritario de actuación o impulso e fomento da integración cooperativa e asociativa, na convicción de que favorecerá a competitividade, o redimensionamento, a modernización e a internacionalización das ditas entidades, no marco das reformas estruturais para mellorar a economía e competitividade do país.

Para isto cómpre vencer unha serie de obstáculos que frean a integración, derivados da anterior PAC cos diferentes mecanismos de regulación chamados a desaparecer e da crecente volatilidade dos mercados internacionais, xunto á visión localista do sector asociativo, sen un desenvolvemento suficiente en materia de comercialización. Todo isto limita o aproveitamento eficiente das economías de escala e alcance que todo proceso de integración leva inmerso.

## III

O fomento da capacidade comercializadora e económica do sector produtor, en particular mediante a integración das cooperativas e demais formas xurídicas do asociacionismo agrario, permite alcanzar un modelo asociativo empresarial xerador de valor, máis rendible, competitivo e profesionalizado. O fortalecemento das estruturas asociativas facilita a innovación e a incorporación de novas tecnoloxías nas estruturas agrarias, aumenta a súa produtividade e eficiencia e, en definitiva, a súa capacidade de competir máis eficazmente nos mercados internacionais.

En atención a estas consideracións é obxecto da presente lei o fomento da fusión e integración das cooperativas agrarias e demais formas asociativas no ámbito agroalimentario, no marco da futura PAC, incluíndo aquí tamén os grupos cooperativos que asocian varias empresas cooperativas coa entidade cabeza de grupo que exerce facultades ou emite instrucións de obrigado cumprimento para os seus integrantes, de forma que se produce unha unidade de decisión no ámbito desas facultades. Para este propósito, é peza clave a creación da figura da entidade asociativa agroalimentaria prioritaria.

As políticas de fomento que instaura a lei artículanse arredor de medidas destinadas a dar prioridade ás axudas e subvencións que estean previstas nos programas de desenvolvemento rural para aquelas actuacións que radiquen no seu ámbito territorial, de acordo coas súas respectivas normas reguladoras e desde o respecto á normativa europea e de competencia.

Neste sentido, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente e as comunidades autónomas procederán á revisión das políticas de fomento asociativo e á elaboración dun Plan estatal de integración asociativa co obxecto de coordinar esas políticas cos fins previstos na presente lei, para eliminar os obstáculos que causan debilidade ao sector produtor e instaurar medidas legais e económicas que favorezan a integración.

Así mesmo, promoverase a constitución de grupos cooperativos e outras agrupacións de entidades asociativas para efectos de alcanzar a condición de entidade asociativa prioritaria agroalimentaria, e dispor para o efecto dunha regulación societaria e fiscal adecuada.

A constitución e recoñecemento das entidades asociativas prioritarias, que se fomenta mediante a presente lei, poderá supor, nuns casos, a desaparición das entidades orixinais que pasan a integrarse nunha nova entidade ou, noutros casos, a desaparición por absorción, o recoñecemento dunha entidade xa existente ou a creación como unha nova entidade mantendo as entidades orixinais de base, as cales constitúen unha entidade de grao superior que asume, ao menos, as tarefas relacionadas coa comercialización en común da produción de todos os socios das ditas entidades orixinais.

A lei estrutúrase en cinco capítulos con seis artigos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e cinco derradeiras.

O capítulo I establece as disposicións xerais: obxecto e ámbito de aplicación e fins.

O capítulo II establece as condicións que deben cumprir as entidades asociativas prioritarias para o seu recoñecemento.

O capítulo III refírese ás axudas e aos beneficios previstos ante as diferentes situacións de preferencia tanto das entidades asociativas resultantes como as que as que integran e os seus produtores.

O capítulo IV crea, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, o Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias.

No capítulo V regúlase o réxime de financiamento das axudas, así como a colaboración das comunidades autónomas.

A disposición transitoria regula un período transitorio para os efectos de cumprir o previsto na letra c) do artigo 3 da lei, para as entidades asociativas que non cumpran co previsto nela, no momento da solicitude do seu recoñecemento e inscrición no Rexistro de Entidades Asociativas Prioritarias.

As disposicións derradeiras regulan o título competencial, modifican a Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, e a Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, sinalan o non aumento de gasto público e o desenvolvemento regulamentario.

#### IV

Así, para contribuír a facilitar de modo particular o desenvolvemento do sector cooperativo en España, que na actualidade presenta un importante potencial económico e con máis de cen mil empregos directos, requírese unha importante ampliación dos seus fins e actividades, o que supón unha revisión da súa regulación básica, tanto de índole substantiva coma fiscal. Estas medidas farán posible un mellor desenvolvemento das súas posibilidades de xeración de emprego, para o cal a normativa legal debe ofrecerlles a posibilidade de facerse cargo de actuacións e servizos que repercutan en beneficio do territorio rural e da súa poboación, á vez que lles permita ampliar o seu desenvolvemento empresarial para efectos de alcanzar unha maior dimensión. A este motivo responden as modificacións que se introducen na Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, e na Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas.

Por tanto, as modificacións que se propoñen na vixente normativa legal sobre cooperativas van dirixidas a eliminar determinados límites ou atrancos que, hoxe en día, dificultan unha maior ampliación das súas actividades. En definitiva, preténdese facer posible manter unha das máximas do cooperativismo agrario: a súa localización no territorio rural sen previsión de que se deslocalicen del.

Estas propostas son as que inspiraron as modificacións nas citadas leis, que se describen seguidamente.

Procédese a reformar o artigo 6 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, co obxectivo de mellorar a definición das clases de cooperativas agrarias na súa denominación actual para adaptalas á súa realidade económica e social, que no sucesivo pasarán a denominarse «agroalimentarias», así como respecto das de segundo grao. A nova denominación de cooperativa agroalimentaria que se atribúe ás cooperativas agrarias viña sendo reclamada pola totalidade do sector e resulta pertinente pola súa maior aproximación á realidade socioeconómica. Esta modificación faise extensiva a todos os casos en que apareza o nome de cooperativa agraria no articulado da Lei 27/1999, do 16 de xullo, e permitirá ás cooperativas a adecuación das súas normas constitutivas ás actividades que efectivamente na actualidade veñen desenvolvendo. A flexibilización que se introduce proporcionará unha maior facilidade ás cooperativas para desenvolver as súas posibilidades de xeración de emprego.

Con obxecto de contribuír á consolidación das asociacións das cooperativas, propónse a incorporación no artigo 56 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, relativo ao Fondo de Educación e Promoción (FEP), dun novo parágrafo no seu punto 2, mediante o cal se posibilita expresamente que as cooperativas acheguen as súas dotacións do FEP ás súas unións ou federacións para o cumprimento das funcións que a lexislación lles teña encomendadas na medida en que sexan coincidentes coas propias de tales fondos. Mediante este cambio habilítase unha opción para as cooperativas en canto ao destino e á xestión do citado Fondo de Educación e Promoción, seguindo a liña xa establecida nas leis de cooperativas das comunidades autónomas de Andalucía e Valencia.

As modificacións que se propoñen, en relación co artigo 93 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, incorporan de forma expresa no ámbito subxectivo da cooperativa agroalimentaria as persoas titulares das explotacións que seguen o réxime de titularidade compartida, regulado na recente Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias.

Tamén se incide no ámbito de actuación da cooperativa agroalimentaria, de forma que, ademais de incidir na actividade especificamente agraria, tamén actúe en razón á súa implantación no medio rural, ao tempo que se puntualiza que as actividades da cooperativa afectan tanto os produtos dela mesma coma os dos seus socios.

Ademais, salientase a actuación das cooperativas agroalimentarias no ámbito territorial e social propio da súa localización, pois diversifican a súa actividade en beneficio dos seus habitantes, tanto socios como terceiros non socios.

Polo que respecta ao artigo 9 da Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre réxime fiscal das cooperativas, as modificacións que se establecen respecto ao seu ámbito subxectivo eliminan a referencia ás persoas físicas, por obsolescencia no contexto actual. Esta limitación xera non poucos problemas para a transmisión xeracional das explotacións en xestión cooperativa e supón un importante obstáculo para a xeración de grupos cooperativos agrarios competitivos, sen achegar ningún valor engadido en termos de finalidades públicas que se deben incentivar, principios cooperativos ou mutualismo.

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta lei ten por obxecto fomentar a fusión ou integración das cooperativas agroalimentarias e doutras entidades de natureza asociativa mediante a constitución ou a ampliación de entidades asociativas agroalimentarias de suficiente dimensión económica, e cuxa implantación e ámbito de actuación económica sexan de carácter supraautonómico, instrumentando, de ser o caso, as medidas necesarias para obter un tamaño adecuado que lles permita alcanzar os fins descritos no artigo 2.

2. Esta lei é de aplicación ás entidades asociativas agroalimentarias cualificadas de prioritarias de acordo co disposto no capítulo II e ás entidades asociativas que as integran, de ser o caso, así como aos produtores individuais, ben sexan persoas físicas ben xurídicas, que forman parte delas.

3. Para os efectos desta lei, son entidades asociativas as sociedades cooperativas, as cooperativas de segundo grao, os grupos cooperativos, as sociedades agrarias de transformación, as organizacións de produtores con personalidade xurídica propia, recoñecidas de acordo coa normativa comunitaria no ámbito da política agraria común e as entidades civís ou mercantís, sempre que máis do 50 por cento do seu capital social pertenza a sociedades cooperativas, a organizacións de produtores ou a sociedades agrarias de transformación. No caso de que estas entidades económicas teñan a forma de sociedade anónima, as súas accións deberán ser nominativas.

#### Artigo 2. *Fins.*

1. Esta lei pretende a consecución dos seguintes fins:

a) Fomentar a agrupación dos primeiros elos que conforman a cadea alimentaria, mediante a fusión ou integración das entidades asociativas, co obxecto de favorecer o seu redimensionamento, mellorar a súa competitividade e contribuír á valorización das súas producións.

b) Mellorar a formación dos responsables na gobernanza e xestión destas entidades, en especial nas novas ferramentas e instrumentos de xestión.

c) Contribuír á mellora da renda dos produtores agrarios integrados nas entidades asociativas.

d) Favorecer a integración dos produtores en entidades asociativas prioritarias, así como en calquera das entidades asociativas que se indican no artigo 1.3, co fin de mellorar a súa posición no mercado e a súa participación no proceso de valorización e comercialización dos seus produtos.

2. As medidas que se arbitren para alcanzar os fins sinalados neste artigo exerceranse de conformidade co dereito comunitario que resulte de aplicación, en particular a normativa de axudas públicas, e coas normas e principios recollidos na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.

## CAPÍTULO II

**Entidades asociativas prioritarias**

Artigo 3. *Condicións para o recoñecemento das entidades asociativas prioritarias.*

1. Para que unha entidade asociativa poida ter a consideración de prioritaria, deberá reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser entidade asociativa agroalimentaria das dispostas no artigo 1.3 desta lei.
- b) Ter implantación e un ámbito de actuación económico que sexan de carácter supraautonómico.
- c) Levar a cabo a comercialización conxunta da totalidade da produción das entidades asociativas e dos produtores que as compoñen.
- d) Que a facturación da entidade asociativa solicitante ou a suma das facturacións das entidades que se fusionan ou integran alcance, polo menos, a cantidade que se determine regulamentariamente.

Este montante económico determinarase segundo os sectores produtivos, de acordo coa Clasificación nacional de actividades económicas, e será revisado periodicamente, en función da evolución do proceso de integración sectorial e do valor das producións comercializadas.

e) Constar expresamente nos estatutos ou disposicións reguladoras correspondentes ás distintas entidades que compoñen a entidade asociativa prioritaria, así como nos desta entidade, a obriga dos produtores de entregar a totalidade da súa produción para a súa comercialización en común.

f) Os estatutos ou disposicións reguladoras da entidade asociativa prioritaria e das entidades que a integran deberán considerar as necesarias previsións para garantir aos seus produtores asociados o control democrático do seu funcionamento e das súas decisións, así como para evitar a posición de dominio dun ou varios dos seus membros.

2. Por solicitude da entidade interesada, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente procederá ao recoñecemento da entidade asociativa prioritaria, conforme o procedemento que se estableza regulamentariamente.

3. As entidades asociativas agroalimentarias recoñecidas como prioritarias, as entidades que as integren e os produtores que formen parte delas, que non cumpran cos requisitos exixidos para manter a súa condición, non se poderán beneficiar das axudas e beneficios previstos nas normas reguladoras da súa concesión. Regulamentariamente determinarase a forma e condicións en que se deba acreditar o mantemento dos requisitos e as consecuencias da súa perda.

## CAPÍTULO III

**Axudas e beneficios previstos**

Artigo 4. *Situacións de preferencia.*

1. As entidades asociativas recoñecidas como prioritarias poderán ter preferencia, de acordo coa normativa específica contida nas bases reguladoras de cada convocatoria, na concesión de subvencións e axudas en materia de investimentos materiais ou inmateriais destinadas a mellorar os procedementos de xestión e comercialización; no acceso a actividades formativas e de cooperación; en materia de internacionalización, de promoción e de I+D+i; no acceso ás liñas ICO de financiamento preferente que especificamente se establezan, ou outras das cales poidan ser beneficiarias, así como nas actuacións recollidas nos programas de desenvolvemento rural a favor da competitividade, da transformación e da comercialización, e en calquera outra que para estes mesmos fins se determine regulamentariamente.

2. As entidades asociativas integradas en entidades asociativas recoñecidas como prioritarias poderán ter preferencia, de acordo coa normativa específica contida nas bases reguladoras de cada convocatoria, na concesión de subvencións e axudas en materia de investimentos materiais ou inmateriais destinadas a mellorar os procedementos de xestión e transformación; no acceso a actividades formativas e de asistencia técnica; nas contratacións de pólizas que se poidan establecer para estas entidades no marco do Sistema de seguros agrarios combinados; no acceso a programas ou actuacións en I+D+i e en novas tecnoloxías enfocadas especificamente á mellora da competitividade, á transformación e á comercialización, ou en calquera outra que para estes mesmos fins se determine regulamentariamente.

3. Os produtores agrarios que formen parte de entidades asociativas prioritarias ou das entidades asociativas que as compoñen poderán ter preferencia, de acordo coa normativa específica contida nas bases reguladoras de cada convocatoria, na concesión de subvencións e axudas para mellorar a súa competitividade e orientar a súa produción ao mercado no marco da entidade asociativa prioritaria de que formen parte, respecto aos produtos para os cales foi recoñecida, e en calquera outra que para estes mesmos fins regulamentariamente se determine.

4. A citada preferencia a establecer na normativa específica contida nas bases reguladoras de cada convocatoria non poderá ter carácter absoluto. Así mesmo, deberá quedar garantido nesas bases que non existirá discriminación no acceso ás axudas e subvencións destinadas ás entidades e produtores, con independencia de cal sexa a organización, entidade ou asociación a través da cal sexan tramitadas ou xestionadas.

## CAPÍTULO IV

### **Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias**

#### *Artigo 5. Creación e funcionamento.*

1. Créase no Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, adscrito á Dirección Xeral da Industria Alimentaria, un rexistro nacional de entidades asociativas prioritarias, en que se inscribirán as entidades desta natureza recoñecidas de acordo co establecido na presente lei e no seu regulamento de desenvolvemento.

2. A inscrición no rexistro suporá a incorporación tanto dos datos correspondentes á entidade asociativa prioritaria, como dos relativos ás entidades asociativas que a integran e a relación de produtores que forman parte delas, con suxeición ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. As anteriores inscricións no rexistro realizaranse por petición da entidade asociativa prioritaria e unha vez comprobado polo ministerio o cumprimento dos requisitos establecidos.

4. Os responsables das entidades asociativas prioritarias estarán obrigados a comunicar ao ministerio os cambios que poidan afectar a súa condición de prioritarias cando se produzan. Adicionalmente, con carácter anual, procederán a actualizar a relación de produtores que forman parte delas.

5. Determinarase regulamentariamente o procedemento e condicións para a inscrición e baixa das entidades no rexistro, así como o proceso que se desenvolverá para o seu control, mantemento e actualización.

## CAPÍTULO V

### **Financiamento das axudas e colaboración das comunidades autónomas**

#### *Artigo 6. Financiamento das axudas.*

1. As axudas a que se refire esta lei poderán ser financiadas pola Administración xeral do Estado e polas das comunidades autónomas.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente presentará na conferencia sectorial que corresponda por razón da materia o Plan estatal de integración asociativa, en que se incluírán as actuacións e dotacións previstas polo departamento para impulsar a aplicación da presente lei, así como as actuacións previstas neste mesmo sentido polas comunidades autónomas. O plan incluírá, así mesmo, un balance dos logros que se fosen alcanzando.

Disposición adicional única. *Plan estatal de integración cooperativa.*

O Goberno presentará o primeiro Plan estatal de integración asociativa no prazo de seis meses contado desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria única. *Réxime transitorio do artigo 3.1 c).*

Regulamentariamente establecerase un período transitorio para os efectos de cumprir o previsto na letra c) do artigo 3.1 desta lei, para as entidades asociativas que non cumpran co previsto nel, no momento da solicitude do seu recoñecemento e inscrición no Rexistro Nacional de Entidades Asociativas Prioritarias.

No suposto de que, transcorrido ese período, continúe habendo entidades asociativas que non entregan a totalidade da súa produción comercializable á entidade asociativa prioritaria en que están integradas, estas entidades e os socios que as compoñen perderán os beneficios que lles poidan corresponder en aplicación do establecido no capítulo III desta lei.

Así mesmo, a entidade asociativa prioritaria deberase someter a un novo procedemento de recoñecemento, para determinar que, contando exclusivamente coas entidades que si entregan a totalidade da súa produción, cumpre o conxunto de condicións establecidas no artigo 3 desta lei. En caso de que estas condicións non se cumpran, a citada entidade perderá a condición de prioritaria.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

A presente lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13ª da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, excepto a disposición derradeira terceira, que se dita ao abeiro da regra 14.ª, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva sobre facenda xeral e débeda do Estado.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.*

Modifícase a Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, na forma que a continuación se indica.

Un. Dáse nova redacción ao artigo 6 e inclúese un novo número 2:

«Artigo 6. *Clases de cooperativas.*

1. As sociedades cooperativas de primeiro grao poderanse clasificar da seguinte forma:

- Cooperativas de traballo asociado.
- Cooperativas de consumidores e usuarios.
- Cooperativas de vivendas.
- Cooperativas agroalimentarias.
- Cooperativas de explotación comunitaria da terra.
- Cooperativas de servizos.
- Cooperativas do mar.
- Cooperativas de transportistas.

- Cooperativas de seguros.
- Cooperativas sanitarias.
- Cooperativas de ensino.
- Cooperativas de crédito.

2. Os estatutos das cooperativas de segundo grao poderán cualificalas a estas conforme a clasificación do número anterior sempre que todas as cooperativas socias pertencen á mesma clase e, en tal caso, engadírse a expresión «de segundo grao.»»

Dous. Dáse nova redacción ao número 2 do artigo 56, que queda redactado como segue:

«2. Para o cumprimento dos fins deste fondo poderase colaborar con outras sociedades e entidades, podendo achegar, total ou parcialmente, a súa dotación. Así mesmo, tal achega poderase levar a cabo a favor da unión ou federación de cooperativas en que estea asociada para o cumprimento das funcións que sexan coincidentes coas propias do referido fondo.»

Tres. Dáse nova redacción ao artigo 93:

«Artigo 93. *Obxecto e ámbito.*

1. Son cooperativas agroalimentarias as que asocien titulares de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais, incluíndo as persoas titulares destas explotacións en réxime de titularidade compartida, que teñan como obxecto a realización de todo tipo de actividades e operacións encamiñadas ao mellor aproveitamento das explotacións dos seus socios, dos seus elementos ou compoñentes da cooperativa e á mellora da poboación agraria e do desenvolvemento do mundo rural, así como atender calquera outro fin ou servizo que sexa propio da actividade agraria, gandeira, forestal ou estea directamente relacionado con elas e coa súa implantación ou actuación no medio rural.

Tamén poderán formar parte como socios de pleno dereito destas cooperativas as sociedades agrarias de transformación, as comunidades de regantes, as comunidades de augas, as comunidades de bens e as sociedades civís ou mercantís que teñan o mesmo obxecto social ou actividade complementaria e se encontren comprendidos no primeiro parágrafo deste artigo. Nestes casos, os estatutos poderán regular un límite de votos que posúan os socios mencionados en relación co conxunto de votos sociais da cooperativa.

2. Para o cumprimento do seu obxecto, as cooperativas agroalimentarias poderán desenvolver, entre outras, as seguintes actividades:

a) Adquirir, elaborar, producir e fabricar por calquera procedemento, para a cooperativa ou para as explotacións dos seus socios, animais, pensos, fertilizantes, plantas, sementes, insecticidas, materiais, instrumentos, maquinaria, instalacións e calquera outro elemento necesario ou conveniente para a produción e fomento agrario, alimentario e rural.

b) Conservar, tipificar, manipular, transformar, transportar, distribuír e comercializar, incluso directamente ao consumidor, os produtos procedentes das explotacións da cooperativa, dos seus socios, así como os adquiridos a terceiros, no seu estado natural ou previamente transformados.

c) Adquirir, parcelar, sanear e mellorar terreos destinados á agricultura e á gandería ou os bosques, así como a construción e explotación das obras e instalacións necesarias para estes fins.

d) Calquera outra actividade que sexa necesaria ou conveniente ou que facilite o melloramento económico, técnico, laboral ou ambiental da cooperativa ou das explotacións dos socios, entre outras, a prestación de servizos pola cooperativa e co seu propio persoal, que consista na realización de labores agrarios ou outros análogos nas mencionadas explotacións e a favor dos seus socios.



e) Realizar actividades de consumo e servizos para os seus socios e demais membros do seu contorno social e territorial, e fomentar aquelas actividades encamiñadas á promoción e mellora da poboación agraria e do medio rural, en particular, servizos e aproveitamentos forestais, servizos turísticos e artesanais relacionados coa actividade da cooperativa, asesoramento técnico das explotacións da produción, comercio e transformación agroalimentaria, e a conservación, recuperación e aproveitamento do patrimonio e dos recursos naturais e enerxéticos do medio rural.

En todo caso, o volume de operacións da cooperativa polas actividades recollidas no parágrafo anterior non poderá exceder o vinte e cinco por cento do volume total das súas operacións.

3. As explotacións agrarias dos socios, para cuxa mellora a cooperativa agraria presta os seus servizos e subministracións, deberán estar dentro do ámbito territorial da cooperativa, establecido estatutariamente.

4. As cooperativas agroalimentarias poderán realizar un volume de operacións con terceiros non socios que non exceda o 50 por cento do total das da cooperativa.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 20/1990, do 19 de decembro, de réxime fiscal das cooperativas.*

Dáse nova redacción ao número 1 e ás letras a) e b) do número 2 do artigo 9 na forma que a continuación se indica:

«Artigo 9. *Cooperativas agroalimentarias.*

Consideraranse especialmente protexidas as cooperativas agroalimentarias que cumpran os seguintes requisitos:

1. Que asocien titulares de explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou mixtas, situadas dentro do ámbito xeográfico a que se estenda estatutariamente a actividade da cooperativa.

2. Que na realización das súas actividades agrarias respecten os seguintes límites:

a) Que as materias, produtos ou servizos adquiridos, arrendados, elaborados, producidos, realizados ou fabricados por calquera procedemento pola cooperativa sexan destinados exclusivamente ás súas propias instalacións ou ás explotacións dos seus socios.

Porén, poderán ser cedidos a terceiros non socios sempre que a súa contía, durante cada exercicio económico, non supere o 50 por cento do total das operacións de venda realizadas pola cooperativa.

As cooperativas agroalimentarias poderán distribuír ao retallo produtos petrolíferos a terceiros non socios co límite establecido no número 10 do artigo 13 desta lei.

b) Que non se conserven, tipifiquen, manipulen, transformen, transporten, distribúan ou comercialicen produtos procedentes doutras explotacións, similares aos das explotacións da cooperativa ou dos seus socios, en contía superior, durante cada exercicio económico, ao 50 por cento do importe obtido polos produtos propios.»

Disposición derradeira cuarta. *Incremento de gasto.*

Da aplicación desta lei non poderá derivar ningún incremento de gasto. As novas necesidades de recursos humanos que, de ser o caso, poidan xurdir como consecuencia das obrigas normativas recollidas na presente lei deberán ser atendidas mediante a reordenación ou redistribución de efectivos.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento.*

Habilitase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 2 de agosto de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY